

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 22 DE MAIO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 8.38 h do 22.05.2015 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión extraordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá, Rita María Couto Seijido e María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asisten:

Iván Puentes Rivera e María Carmen Silvar Canosa

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

ORDE DO DÍA:

1.Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario núm. 3/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene en sesión extraordinaria celebrada en data 19 de maio do 2015 por 3 votos a favor do grupo municipal do P.P. e 5 votos en contra (2 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 3/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.
Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 03/2015 de crédito extraordinario financiado con RTGX por un importe global de 27380.00 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias creadas polo crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
342/63202	Instalacións deportivas. Obras de reparación en edificios	27380.00

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGX.

2º.- Financiar o expediente de crédito extraordinario nº 3/2015 con RTGX por importe de 27380.00 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 15 de maio de 2015.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o turno de intervencións a voceira do grupo do PP Rocío A. Bértoa Puente, que expón que se recibiu un requerimento de Industria de revisar os pavillóns e adaptalos á normativa no prazo de seis meses.

Engade que se aporta hoxe un informe valorativo que chegou onte ás 11.00 h e que por motivos persoais non puido facerse polos técnicos municipais.

O voceiro do grupo socialista Antón Lois Noceda Carballo di que o seu grupo non pedía un informe sobre os custos, senón que se acreditara a urxencia formulada.

Remata dicindo que o informe de Industria non é desfavorable e dá un prazo suficiente para facer os amaños, polo que non entenden a urxencia que se formula.

Por parte do grupo do BNG, o concelleiro Manuel Polo Gundín di que hoxe é o día da patroa do persoal da administración local e o último hábil deste mandato, polo que lle parece increíble que este pleno se dea nestas circunstancias.

Engade que o presidente da Comisión lles tomou o pelo na Comisión, na que non informou acaidamente, senón de forma apresurada, sen tan sequera ler a proposta que se trae hoxe ao pleno e asinando un ditame cunha votación incorrecta.

Di que houbo catro anos para detectar estas deficiencias eléctricas, que este foi un traballo mal feito e improvisado e que acadaron a foto que querían.

Pola súa banda, María Carmen Martínez Rodríguez, do grupo mixto, di que mantén o voto en contra na liña dos grupos da oposición.

Sometido o asunto a votación foi rexeitado por 9 votos en contra (5 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 6 a favor do grupo do PP.

2. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito núm. 7/2015

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene en sesión extraordinaria celebrada en data 19 de maio do 2015 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 4 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 2 grupo municipal socialista) e 1 voto en contra do grupo municipal mixto:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de

concesión de suplemento de crédito nº 7/2015, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas. Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 07/2015 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais por un importe global de 10771,36€ de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLIC. ORZ.	COD. PROXECTO	CONCEPTO	IMPORTE (€)
171/61900	PAR15	Reparación e mellora de parques infantís e implantación de áreas biosaudbles	10771,36

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais por un importe de 10771,36 €.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 15 de maio de 2015.
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o turno de debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que foi concedida unha subvención para parques que debe ser completada cun 20 % ademais do IVE, importe que non cubre esta axuda. Di que é urxente aprobar o expediente porque o prazo para facer a obra e xustificar a subvención remata o 30.09.2015.

Por parte do grupo socialista, o seu voceiro, Antón Lois Noceda Carballo, di que o presidente da Comisión chegou a esta sen dar información; pediuse o proxecto e outra documentación para revisar e contestouse con soberbia.

Tendo en conta os prazos para constituír o concello, antes de finais de xullo pode estar todo listo, restando un mes e tres semanas para executar a obra, polo que, non había tal urxencia.

Dille ao concelleiro de Facenda que isto non é mais que unha comedia para tapar as vergoñas da súa xestión e que este é un goberno que non dialoga, non fala, ten caprichos e vende o que non fai.

Remata dicindo que isto lle corresponderá xestionalo a aqueles aos que os cidadáns lles dean o goberno na vindeira lexislatura.

Por parte do grupo do BNG, o concelleiro Manuel Polo Gundín di que repiten na argumentación do punto anterior.

Por parte do grupo mixto, a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez di que ás veces se obtén o respaldo que se precisa non tanto pola razón senón pola actitude e a de aquí do último mes e pico deixa moito que desexar, non sabe se pola campaña.

Deseguido intervén o alcalde que remata o turno de intervencións dicindo que cada quen é responsable dos seus actos.

Sometido o asunto a votación foi rexeitado por 9 votos en contra (5 do grupo do BNG, 3 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 6 a favor do grupo do PP.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 8.50 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas

Dilixencia: Póñoa eu, secretaria, para dar fe de que a presente acta foi aprobada en sesión plenaria de 10.06.2015 coa seguinte rectificación no primeiro parágrafo: onde di "27.04.2015", pasa a dicir: "22.05.2015".

A secretaria